

Resolución do 30 de setembro de 2021 do Tribunal designado pola Resolución do 10 de setembro de 2021 (DOG núm. 181 do 20 de setembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o ingreso nas prazas de vixilante municipal, pola que se anuncia o lugar, a data e a hora do primeiro e segundo exercicio do proceso selectivo

En sesión que tivo lugar o 30 de setembro de 2021, o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo unitario para o ingreso nas prazas de vixilante municipal convocado mediante Orde do 23 de xuño de 2021 (DOG núm. 127, do 6 de xullo de 2021), de conformidade coas bases da convocatoria,

#### ACORDOU:

1. Informar da constitución válida e legal deste Tribunal con data 30 de setembro de 2021.

2. Que o primeiro exercicio do proceso, correspondente á proba de avaliación dos coñecementos (proba tipo test) teña lugar o vindeiro 4 de novembro de 2021 no Salón de Actos da Academia Galega de Seguridade Pública, sita na Rúa da Cultura, s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra) en chamamento único que comezará ás 10:00 horas. Este exercicio consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test con 4 respostas alternativas, sendo unha soa a correcta. Este Tribunal acordou incluír no cuestionario, ademais, un total de 5 preguntas de reserva, que no suposto de que se anule algunha das cuestións principais da proba de coñecementos, se terán en conta e se puntuarán igual que as do resto do exercicio.

3. A proba terá unha duración máxima de 1 hora e non se concederá tempo adicional.

4. O segundo exercicio, correspondente á proba de avaliación do coñecemento da lingua galega terá lugar inmediatamente a continuación da anterior, no mesmo lugar, e consistirá na tradución dun texto do castelán par ao galego e doutro texto do galego para o castelán. Este exercicio terá unha duración máxima dunha hora e se valorará como apto/no apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

5. As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa entidade, ao xuízo do tribunal, bolígrafo azul, lapis do nº 2 e goma de borrar.

6. Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal, que son públicas a través da páxina web da Agasp.

7. Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de

que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles. Advírtese aos aspirantes que durante a realización dos exercicios poderáselles solicitar que deixen visibles os pavillóns auditivos.

8. Unha vez comezada a proba, non se permitirá levantarse ni ir aos aseos, salvo a aqueles que por motivos médicos o precisen aportando o correspondente certificado asinado por un facultativo.

9. Trala finalización do primeiro exercicio, unicamente estará autorizado para permanecer no recinto, o persoal aspirante que deba realizar a proba de coñecementos do idioma galego.

10. Finalizado o exercicio por todos os aspirantes, publicaranse na páxina web de Agasp ([www.agasp.xunta.gal](http://www.agasp.xunta.gal)) os enunciados dos exames e o cadro de respostas correctas do exercicio tipo test.

11. Concederanse dous días hábiles (5 e 8 de novembro) para presentar alegacións ás preguntas do cuestionario e as mesmas remitiranse ao enderezo de correo electrónico seguinte: [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal), indicando nome, apelidos, número do DNI, a cuestión que se impugna e o motivo.

12. Unha vez publicadas as puntuacións obtidas polos aspirantes mediante resolución do Tribunal, concederase un prazo de 5 días hábiles aos efectos de alegacións.

13. Serán convocadas para a realización do terceiro exercicio (probas físicas) os 30 opositores que resulten aprobados con mellor cualificación na proba de validación de coñecementos, sempre que superen o exame de acordo co establecido nas bases da convocatoria e sexan aptos na proba de coñecemento da lingua galega ou estean exentos da súa realización.

14. Advírtese aos aspirantes que durante a realización dos exercicios deberán respectar as normas de seguridade sanitaria do recinto, estando obrigados a levar máscara e a gardar a distancia de seguridade.

Tal e como establece a base 5.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na Estrada, 30 de setembro de 2021

A presidenta do Tribunal

Paula Blasco Muela

